


Autora: **CAROLINE DESNOËTTES**
 Tradución: **DAVID GIPPINI FOURNIER**



Caixón de Arte. Encadernado en cartón.
 22x22 cm. 64 páxinas a toda cor con 36 despregables
 Dispoñible en:

- Galego: "Descubrir a arte a través do mundo"
 Faktoria K de Libros. ISBN 978-84-96957-33-6
 - Castelán: "Descubrir el arte a través del mundo"
 Faktoria K de Libros. ISBN 978-84-96957-34-3
 - Catalán: "Descobrir l'art a través del mon"
 Faktoria K de Libros-Hipòtesi. ISBN 978-84-935912-6-7
 - Portugués: "Descobrir a arte a través do mundo"
 Kalandraka. Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-89-7
- Prezo: 23 €



DESCUBRIR A ARTE a través do mundo

**Un libro de arte
 para saborear en familia.**

"Todo o mundo razoa sobre a beleza"
Denis Diderot

Este libro é -dende o comezo- unha festa para os ollos, un fascinante encontro con 18 obras de arte a través de todo o mundo: rolos etíopes, biombos coreanos, máscaras brasileiras, iconos rusos...

A disposición das páxinas tamén lle propón ao lector entreterse levantando as pestanas despregables para descubrir os textos ocultos que suxiren ollar, xogar e que lle aclaran a lectura dos obxectos, con información sobre as obras, o seu lugar e época de creación. Invita a observar os detalles, os materiais, as formas artísticas...

Os adultos contan ao final cun rico complemento á Historia da Arte, cunha galería que contén información sobre as pezas reunidas, os países aos que pertencen, o tipo de arte no que se encadran, a súa descrición, utilidade e época en que foron feitas.

Caroline Desnoëttes pretende facer partícipes aos lectores máis novos do marabilloso mundo da arte. A autora francesa escribiu numerosos libros para o público infantil, entre os cales figuran coleccións como "O museo de...", "Pasea con cores" e "A Pintura a través do tempo".

Tamén é pintora e deseñadora; nesta faceta o seu maior obxectivo é desacralizar o mundo da arte, baixalo da 'torre de cristal' na que se atopaba e achegar a arte á vida diaria da nosa sociedade. Unha das súas últimas exposicións realizouse na Mediateca de Issy-les-Moulineaux.

- **Temática:** explicación adaptada ao público infantil sobre 18 obras procedentes de Nixeria, Etiopía, Exipto, Irán, India, China, Corea, Xapón, Papúa Nova Guinea, Australia, Canadá, Estados Unidos, México, Perú, Brasil, Francia, Grecia e Rusia (máscaras, esculturas, manuscritos en pel e material vexetal, miniaturas, obxectos decorativos, vasos de terracota, esculturas, imaxes relixiosas...)
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aplicacións:** cada pestana despregable presenta varias propostas, pensadas para o traballo nas aulas, ideas relacionadas coa vida do autor, anécdotas sobre a obra, reflexións a propósito das cores, os estilos utilizados ou os contidos